

**NOTA DE PRENSA 045/23
30 DE XUÑO DE 2023**

**A PONTENOVA ACOLLE A SEGUNDA PROBA PUNTUABLE PARA O
CAMPIONATO GALEGO DE MONTAÑA**

O Campionato Galego de Montaña afronta a súa segunda proba puntuable esta fin de semana na provincia de Lugo, concretamente coa celebración da décima edición da Subida A Pontenova.

Despois do excelente espectáculo amosado polos participantes na cita inicial, na Escusa, os principais candidatos ao título autonómico tentarán sumar un triunfo que os achegue as súas metas a final de tempada.

Finalmente serán 37 equipos os que inscribiron o seu nome na lista de inscritos, o que supón un aumento de varios participantes con respecto a edición anterior. Entre os favoritos, o gañador da primeira proba, Abrahán Vázquez; Alexis Vieitez; Jorge Fernández; Alfonso “Pisko” Ventín, e a presenza do campión galego de 2022, Jacobo Senín, que competirá por primeira vez no autonómico este curso coa espectacular Nova NP01.

Entre os carrozados agárdase unha fermosa loita entre Jorge Pérez Alonso (Porsche 991); Manuel Senra (Peugeot 306 Maxi); Sergio Vallejo (Porsche 997) e José Alonso Liste (Ginetta GT4), nunha competición na que tamén haberá que mirar de preto as loitas que se presentan nas distintas clases.

O programa horario da proba inclúe tres mangas o sábado (unha de adestramentos e dúas oficiais) e outras tres o domingo (unha de adestramentos e dúas oficiais), con comezo as 15:30 horas na primeira xornada e as 09:30 horas na segunda.

A cerimonia de entrega de trofeos será xusto a continuación da entrada dos pilotos no parque pechado final, na Praza dos Fornos de A Pontenova.